

Folga en Atento Coruña



Dende o mes pasado, a empresa decidiu castigar a algúns traballadores e traballadoras do SST polos datos de satisfacción que, como sabemos, case nunca son responsabilidade nosa, xa que os clientes responden ás enquisas de satisfacción avaliando negativamente a Movistar, non ás persoas que atendemos as súas chamadas. Dende entón, convocamos paros laborais os luns e venres xunto cunha folga de 24 horas. A empresa deu a calada como resposta e tamén notificou a máis compañerías e compañeiros a volta ó traballo presencial, argumentando tamén datos de mala calidade..

Entendemos que a empresa non vai parar este disparate e está disposta a expoñer a nosa saúde facéndonos volver á plataforma, con todo o que iso implica (reutilización do transporte público, coincidencia nas zonas comúns, ademáis de traballar todo o día con máscara posta). Para o Comité (do que forma parte a **CGT**) (e en xeral para quen teña dous dedos de fronte), calquera seguimento que se faga na plataforma pódese levar a cabo en modo "on line" porque xa o están a facer noutros servizos, polo que **NINGÚN DATO XUSTIFICA que a empresa expoña a nosa saúde.**

É hora de ser máis contundentes, de mostrar a Atento que, aínda que estamos na casa, non imos tragar con malas decisións que non están xustificadas. Porque se non detemos estas accións, empregarán o TELETRABALLO como moeda de cambio para os seus intereses, en vez de usalo para protexer a saúde do seu persoal como tantas outras empresas nestes tempos de pandemia.

Polo tanto, **convocamos un día completo de folga para o LUNS 7 DE DECEMBRO.** Día no que pararemos as 24 horas para dicir

que

- queremos seguir protexendo a nosa saúde e a do noso entorno familiar- queremos que as e os compañeiros castigados sexan devoltos ás súas casas- xa houbo un caso positivo na plataforma e enviaron persoas á corentena preventiva e ISTO PODÍA

EVITARSE IMPORTANTE: Ademáis da xornada de 24 horas do LUNS 7 de decembro, continuaremos cos paros, pero SÓ os VENRES, é dicir, **suspéndense os paros dos luns dende xa, peromantemos OS DOS VENRES, 2 HORAS Ó FINAL DAS NOSAS XORNADAS LABORAIS)**

Comité de Empresa de Atento - A Coruña